



CONFEDERACION INTERSINDICAL GALEGA
R/ Miguel Ferro Caaveiro, nº 10-
15708 SANTIAGO DE COMPOSTELA
A CORUÑA

A Asociación Nacional de Grandes Empresas de Distribución solicitou, con motivo do ano xacobeo, a determinación de catro días festivos adicionais aos oito xa autorizados pola Consellería de Economía e Industria, con carácter excepcional para o ano 2010, solicitude que foi informada pola Xunta de Voceiros da Federación Galega de Municipios e Provincias.

Tendo en conta os intereses implicados e a solicitude achegada, a Dirección Xeral de Comercio redactou un borrador de proxecto de decreto para a declaración excepcional de Galicia como zona de afluencia turística durante o ano 2010 con motivo do Xacobeo.

Polo tanto, con este escrito remítolle unha copia do proxecto de decreto en cuestión, para os efectos da emisión, con carácter de urxencia dadas as datas do ano nas que nos atopamos, do informe exixido no artigo 9º.1 da Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia, nun prazo de cinco días hábiles contados desde o seguinte ao da súa recepción.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2010.

A directora xeral de Comercio

María Naya Castro Domínguez



Proxecto de decreto polo que se declara zona de grande afluencia turística, durante o ano 2010, para os efectos do artigo 8.1.d) da Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia, a totalidade do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 5 da Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia, establece que os domingos e días festivos nos que os establecementos comerciais poderán permanecer abertos ao público serán, como máximo, de oito ao ano. Así, mediante a Orde da Consellería de Economía e Industria, do 6 de outubro de 2009, establécense os domingos e festivos en que se auoriza a apertura de establecementos comerciais durante o ano 2010.

Segundo o disposto no artigo 8.1.d) da devandita lei, a limitación do artigo 5 non afectan os establecementos comerciais situados en zonas de grande afluencia turística, consoste o establecido polo artigo 9.

Pola súa banda, o artigo 9 da mesma lei establece o procedemento para a determinación das zonas de grande afluencia turística.

A enorme afluencia de peregrinos e visitantes que se espera durante o vindeiro Ano Xubilar leva ao Goberno da Xunta de Galicia ao deseño dunha serie de accións especiais en diferentes áreas da súa competencia. Así, neste contexto, considérase conveniente a declaración de zona de grande afluencia turística a delimitada por todo o territorio galego en xeral e polo termo municipal de Santiago de Compostela en particular, durante o ano 2010. Esta declaración realízase para os únicos efectos de posibilitar a apertura dos establecementos comerciais dous días máis en todo o territorio galego e outros dous máis no concello de Santiago de Compostela.

Pola súa banda, o artigo 9 da mesma lei establece o procedemento para a determinación das zonas de grande afluencia turística.

A declaración de zona de grande afluencia turística do territorio galego durante o ano 2010 debería realizarse logo da tramitación do procedemento establecido para o efecto no artigo 9 da Lei de horarios comerciais de Galicia, segundo o cal é precisa a proposta motivada do concello directamente afectado, que será aprobada por maioría absoluta do pleno.

Sen embargo, tendo en conta que a medida en cuestión afecta os 315 concellos da Comunidade Autónoma de Galicia e a urxencia da declaración, substituíuse a proposta inicial dos concellos Galegos polo informe da Federación Galega de Municipios e Provincias coa finalidade de acadar unaha maior axilidade na tramitación do procedemento e, ao mesmo tempo, evitar que esta medida resulte fallida por mor da falta de iniciativa local.

No procedemento de elaboración deste decreto foron consultadas as cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia, as agrupacións de comerciantes detallistas máis representativas do sector comercial, as asociacións de consumidores e usuarios máis representativas e as organizacións sindicais máis representativas no ámbito territorial afectado.

Na súa virtude, en exercicio das atribucións conferidas polo artigo 34.5 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, por proposta da persoa titular da Consellería de Economía e Industria e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día xx de xxxxxxxx de 2010.

DISPOÑO

Artigo único.-

1. Declárase zona de grande afluencia turística durante o ano 2010, para os únicos efectos do artigo 8.1.d) da Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia, a totalidade do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e, en particular, o concello de Santiago de Compostela.
2. Os domingos e festivos nos que os establecementos comerciais poderán permanecer abertos ao público en Santiago de Compostela, cun horario máximo de 12 horas diarias, durante o ano 2010 son:

2 de maio

31 de outubro

3. Os domingos e festivos nos que os establecementos comerciais poderán permanecer abertos ao público en Santiago de Compostela, cun horario máximo de 12 horas diarias, durante o ano 2010 son:

1 de agosto

16 de agosto

Disposicións derradeiras

Primeira.- Autorízase a persoa titular da Consellería de Economía e Industria para ditar as disposicións que considere oportunas para o desenvolvemento e aplicación deste decreto.

Segunda.- Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.